



DA MONARQUÍA AUTORITARIA DOS REIS CATÓLICOS AO IMPERIO DOS AUSTRIAS



Cuádruplo ducado de ouro (CC BY-SA 3.0)



ÍNDICE

DA MONARQUÍA AUTORITARIA DOS REIS CATÓLICOS AO IMPERIO DOS AUSTRIAS

1. OS REIS CATÓLICOS: UNIÓN DINÁSTICA E CONSTRUCCIÓN DA MONARQUÍA AUTORITARIA... ..1	
1.1 A unidade territorial.....1	
1.2 A organización do Estado.....1	
2. O IMPERIO DE CARLOS V.....2	
2.1 Política interior.....3	
2.2 Política exterior.....4	
3. O IMPERIO HISPÁNICO: FILIPE II.....5	
3.1 Política interior.....5	
3.2 Política exterior.....6	
4. OS PIARES DO IMPERIO: A ECONOMÍA E OS TERZOS.....8	
4.1 A economía do século XVI.....8	
4.2 Os Terzos.....9	
<i>Exercicios..... 10</i>	
SOLUCIÓNS.....11	



1. OS REIS CATÓLICOS: UNIÓN DINÁSTICA E CONSTRUCCIÓN DA MONARQUÍA AUTORITARIA

Ao morrer o rei de Castela, Enrique IV, Isabel (irmá do rei) é proclamada raíña. Pero a súa sobriña Juana, apoiada por gran parte da nobreza e polo rei de Portugal, non a acepta e comeza a Guerra pola Sucesión de Castela, que en 1476 se salda na batalla de Toro, co triunfo de Isabel e do seu marido Fernando II de Aragón.

1.1 A unidade territorial

Os Reis Católicos son o matrimonio formado por dous reis con reinos distintos, Isabel, raíña de Castela, e Fernando, rei de Aragón. Ao casaren, prodúcese unha *unión dinástica*, pero tanto Castela como Aragón conservan as súas leis e órganos de goberno.

Unha vez unidos, continuaron a expansión territorial peninsular:

- *A conquista de Granada*. A raíña Isabel culmina a expansión territorial dos reinos cristiáns na península ibérica ao incorporar en 1492 o Reino Nazarí de Granada.
- Castela culmina a conquista das Illas Canarias en 1496, xa iniciada a principios de século.
- *A anexión de Navarra*. Vinculada a Francia tradicionalmente e independente. O rei Fernando conquista Navarra en 1512, e conserva estes foros e institucións.
- Os RR.CC. intentaron tamén incorporar Portugal mediante enlaces matrimoniais. Conseguirano co seu bisneto Filipe II.

1.2 A organización do Estado

Co fin de *fortalecer o seu poder* realizaron numerosas *reformas* das institucións do Estado. Entre outras:

- Crearon *o sistema de consellos* que asesoraban os monarcas e estudaban os temas que presentarlles. Destacou o Consello Real, o Consello de Guerra, o Consello de Castela...
- Fortaleceron a *facenda* e incorporaron o patrimonio das ordes relixiosas, recuperando as rendas.
- Incrementaron a *seguridade* coa Santa Irmandade (policía), a *Administración local* cos correxidores e a *xustiza* coas audiencias e os tribunais de xustiza.
- Dotaron o Estado dun *exército* propio e modernizárono seguindo as directrices do gran capitán, Gonzalo Fernández de Córdoba (sacándolles aos nobres o papel militar).
- *Eliminaron a oposición* coa expulsión dos xudeus, perseguiron os mudéxares e introducen a Inquisición (institución francesa).

2. O IMPERIO DE CARLOS V

Ao morreren os RR.CC. herda todo a súa filla Juana, casada con Filipe O Feroso. Ante a morte repentina de Filipe, Juana decide deixar o reino nas mans do seu fillo maior **Carlos** de Gante, e este vai herdar un enorme territorio, xa que os seus avós paternos e maternos deixárono como **herdeiro único**.

Territorios herdados:

Isabel de Castela	Fernando de Aragón	María de Borgoña	Maximiliano de Habsburgo
Castela	Aragón	Países Baixos	Austria
Granada Navarra	Nápoles	Artois	Alsacia
Canarias	Sardeña	Flandres	Franco-Condado
América	Sicilia	Borgoña	Bohemia-Silesia-Moravia
Prazas no Mediterráneo	Prazas no Mediterráneo		Dereito ao trono do Sacro Imperio Romano Xermánico



O Emperador Carlos V sentado en 1548 (atribuída a Tiziano. Dominio público).

2.1 Política interior

Carlos I chegou en 1517 a España desde Flandres cunha corte de flamencos e sen saber castelán. Manda reunir as Cortes en 1519 para solicitarlles cartos para a elección do emperador, xa que morrera o seu avó Maximiliano. Marcha cos cartos e prodúcese protestas en España:

- *As comunidades.* Afectaron varias cidades de Castela e o campo, levantan un exército de comeneiros que son derrotados en Villalar (1521) polo exército real do rexente cardeal Cisneros. Os líderes comeneiros Padilla, Bravo e Maldonado foron axustizados.
- *As xermanías.* Foi unha revolta antinobiliar en Valencia, pero Carlos I aliouse coa nobreza e foron reducidos. Xermana de Foix, a última muller de Fernando O Católico, quedou de vicerraíña.

Á súa volta xa como emperador, casa con **Isabel de Portugal** en 1526, que demostrará nas ausencias constantes do seu marido unha fina intelixencia política como rexente, ata a súa pronta morte en 1539. Logo deixará o seu fillo Filipe de rexente, o que lle dará moita práctica para cando asuma o reino.



Retrato da emperatriz Isabel de Portugal (1503-1539)
1548. Museo do Prado (Tiziano. Dominio público).

2.2 Política exterior

Carlos I de España e V de Alemaña asumirá como emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico a *defensa do catolicismo*. Pero o problema foi que en 1517, **Martín Lutero**, monxe agostiño, publicou as *Noventa e cinco teses* que o fixeron ser excomungado, nas cales non recoñecía a autoridade papal e protestaba contra a Igrexa de Roma (de aí o nome de protestantes). Moitos nobres do imperio e do norte de Europa, vendo a posibilidade de aumentar o seu poder, aceptaron a reforma de Lutero para debilitar a Carlos V, que tratou de defender Roma cos concilios e coas armas (ás expensas de España).

Así, a política exterior de Carlos V veu marcada por:

- **Os príncipes alemáns**, aos que acabou vencendo na batalla de Mühlberg en 1555, pero eles puideron decidir a relixión dos seus súbditos.
- **Francia**. O outro candidato ao trono imperial foi o rei de Francia, Francisco I. O seu país cercado agora por posesións imperiais estivo constantemente en guerra con España. Apresado (polo galego Afonso Pita da Veiga, o vasco Juan de Urbietta e o andaluz Juan de Urbietta) e devolto despois da batalla de Pavía (1525), a paz con Francia non se logrou ata a sinatura da paz de Cateau-Cambrésis no 1559. O obxectivo primordial de España era illar a Francia para que non intervisse nos seus asuntos.
- **Os turcos**. Fortalecidos na zona dos Balcáns, a intervención das tropas imperiais evitou a conquista de Viena no 1527. Logo o emperador tomará prazas moi importantes no Mediterráneo, como Tunisia.



O Botafogo (á esquerda en primeiro plano) abrindo fogo contra La Goleta (Frans Hogenberg. Dominio público).

3. O IMPERIO HISPÁNICO: FILIPE II

En 1556, Carlos V retírase a Yuste (Cáceres) e o seu fillo Filipe II herdará todo os territorios agás os imperiais que Carlos V entrega ao seu irmán Fernando, para evitarlle problemas ao seu fillo.

Filipe II, segundo o historiador francés Bennassar: *"Non daba, certamente, o tipo español: pel branca, cabelos rubios, ollos azules. Reservado, secreto... de extrema conciencia profesional. Nunca se deixou someter por un favorito..."*

Segundo o embaixador de Venecia, Nani: *"O rei era relixioso, xusto, parco e pacífico. A primeira destas virtudes transformouse en razón de Estado; a segunda, en cruel severidade; a terceira, en avaricia; a cuarta, en desexo de ser arbitro da cristiandade..."*

Gobernou o seu imperio territorial desde Madrid, que converteu en capital do reino. Amplía os consellos e centraliza todo ao seu arredor cunha burocracia de funcionarios cada vez mellor organizada, pero coa súa desconfianza fai que sexa moi lenta.



Retrato de Filipe II en 1565. Museo do Prado por (Sofonisba Anguissola. Dominio público).

3.1 Política interior

Pechou España ás ideas protestantes e impuxo a *Contrarreforma católica* do *Concilio de Trento* recortando a transmisión de ideas estranxeiras. As persecucións aos mouriscos granadinos desencadeou a *sublevación das Alpujarras* que afogou o seu irmán Juan de Austria.

Fomentou tamén a *Inquisición*, que impuxo o concepto de *cristián vello* e a *limpeza de sangue* (a quen tivese antepasados xudeus ou musulmáns vetábanselle certos traballos).

En 1580 amplía os seus territorios ao herdar Portugal e conquistar as illas Filipinas (o nome foi posto na súa honra).

3.2 Política exterior

En Europa loitou de seguido contra Francia, contra a Inglaterra de Isabel I e contra os protestantes de Flandres. No Mediterráneo, contra os turcos.

- **Francia** foi derrotada na batalla de San Quintín (1557). Logo asinaron a paz, pero Francia axudará constantemente os protestantes con diñeiro e tropas que loitarán contra Filipe II.
- **Inglaterra.** Despois de fracasar o matrimonio de Filipe II con María I de Inglaterra, a súa sucesora Isabel I afrontárase ou axudará a calquera que loite contra España.

A axuda aos protestantes e os ataques á frota española en América fixéronlle organizar a Filipe II a **Grande e Felicísima Armada (1588)** coa idea de invadir Inglaterra cos Terzos de Flandres. O mal tempo, debido aos atrasos de saída desde Lisboa, frustrou as posibilidades españolas, que tiveron que dar volta rodeando Irlanda ou Escocia; perdéronse unhas 50 naves de 130. (O nome *Armada Invencible* foi posto polos ingleses para gabarse da vitoria que non conseguiron loitando. Para moitos historiadores este é o feito ou a lenda fundacional da Inglaterra de hoxe).

No ano seguinte, a raíña *Isabel I de Inglaterra* intenta aproveitar a debilidade española organizando a **Contraarmada inglesa** comandada por Drake. Este intenta tomar A Coruña e non o consegue (María Pita), e logo ataca Lisboa, onde sae moi mal parado e volta con máis dun 80 % de baixas duns 24.000 homes.

O dominio do mar seguiraio tendo España ata ben entrado o século XVII.

- **Flandres.** Desde moi pronto converteuse no principal escenario político e militar dentro da chamada *Guerra dos 80 anos (1568-1648)* ou *Guerra de Flandres*. Os nobres locais protestantes ou católicos querían independizarse de España. O que provocou un conflito sanguento e longo, e como cantaban os soldados destinados alí: *España mi natura, Italia mi ventura, !Flandes mi sepultura!* O resultado final foi a independencia real dos Países Baixos tras a Paz de Westfalia (1648). Para España ocasionou unha perda de prestixio. Ademais, o seu mantemento foi unha fonte inesgotable de gastos en homes e diñeiro que causaron as bancarrotas dos séculos XVI e XVII.
- **Os turcos otománs.** Para frear a expansión turca e musulmá polo Mediterráneo e defender as posesións españolas en Italia, *Filipe II* organizou unha Santa Liga co Papa, Venecia, Xénova e outros, para loitar contra a frota de *Selim II*. O mando da frota foi para *Juan de Austria*, auxiliado por Álvaro de Bazán, Andrea Doria, Colonna e Barbarigo contra Alí *Bajá*. No golfo de **Lepanto** (Grecia), en 1571, as armadas loitan e vencen a Santa Liga. Os turcos non volveron interferir contra España.

Nesta batalla participou **Miguel de Cervantes** e dixo: *“La más memorable y alta ocasión que vieron los siglos, ni esperan ver los venideros”*. *Novelas ejemplares*, prólogo.

Polo seu esforzo, Juan de Austria concedeu-lle catro escudos de vantaxe (premio militar).



Batalla de Lepanto. National Maritime Museum (BHC0261). Dominio público.

- Esta política tan activa no exterior levou aos rivais de España a elaborar unha **Lenda Negra**, que consistiu en facer propaganda antiespañola e anticatólica esaxerando defectos e ocultando virtudes, que tivo moitísimo éxito e aínda hoxe se mantén nalgúns casos. A maior parte das veces baseada só en falsidades e co ánimo de desprestixiar España. Sen dúbida, a envexa foi o motor desta práctica.



O Duque de Alba comendo nenos. [Rijksmuseum](#)
Dominio público.



4. OS PIARES DO IMPERIO: A ECONOMÍA E OS TERZOS

Tanto Carlos V como Filipe II tiveron o seu problema fundamental no financiamento dunha política exterior tan activa, soportada ademais cun esforzo militar de soldados profesionais, que foi un problema irresoluble.

4.1 A economía do século XVI

O descubrimento de América produciu unha enorme demanda de produtos que intensificaron o comercio e provocaron a **revolución dos prezos**, xa que a chegada e o incremento de prata (americana) en circulación provocou unha inflación elevadísima. Isto vai ocasionar un empobrecemento dos grupos máis populares.

Os agricultores queren acceder a máis terras pero só poden arrendalas aos privilexiados, que en moitos casos aproveitan a demanda para subir prezos.

A industria céntrase en abastecer a demanda comprando onde lle saíra máis barato, normalmente tecidos de Flandres, armas de Alemaña..., debilitando a produción local e en moitos casos afogándoa.

O comercio foi o sector máis puxante, sobre todo desde as cidades que comerciaban con Sevilla, que foi o porto que tiña o monopolio de saída do *sistema de frotas*, que protexía o comercio ultramarino.


A Coroa recibía os impostos, *os millóns* e as rendas na península (pero sempre máis de Castela ca dos reinos periféricos) e o *quinto real* de América, era unha enorme cantidade. O que pasaba é que moitas veces gastaban máis do que ingresaban e pedían cartos por adiantado co aval dos impostos que ían cobrar no futuro. Este sistema levou ás quebras en 1555 con Carlos V e de Filipe II en 1576 e en 1596. O problema destas quebras era que, despois, a banca internacional (xenoveses, alemáns...) prestaba moito máis caro.

Xa durante o reinado de Filipe II lle chamaron moitas voces a atención ao rei por este erro, os informes da Escola Económica de Salamanca pedíanlle reformas que nunca se fixeron ao non ter paz no exterior.

4.2 Os Terzos

Eran a **unidade de combate autónoma, profesional e voluntaria** (con Estado maior, 12 coronelías, mandos propios... entre 1.500 e 3.000 homes) do exército español dos Austrias, composto na maior parte de infantaría: dos **piqueiros** (soldados que portaban unha pica, de 4 a 5,4 metros de longo), **arcabuceiros** (soldados armados con arcabuces ou mosquetes), **artillaría** (canóns) e **cabalaría**. Todos levaban ademais espada e daga.

A súa carta fundacional data de 1536 en Xénova, pero desde o reinado dos RR.CC. e as reformas militares levadas a cabo polo gran capitán, xa existían. Caracterizáronse pola súa flexibilidade e profesionalidade na guerra, e foron os dominadores nos campos de batalla durante máis de século e medio. Isto foi posible por dispoñer duns mandos extraordinarios como: Juan de Austria, Fernando de Ávalos, Alejandro Farnesio, Fernando de Austria, Luis de Requeséns..., e no mar: Álvaro de Bazán e o xenovés Andrea Doria. Pero mandos sen soldados non ganan, e aí están Cristóbal de Mondragón, Juan de Urbietta e os escritores Lope de Vega, Calderón de la Barca e outros moitos que loitaron pola súa fe e polo seu rei.



Terzos marchando en formación durante a batalla de Nieuport, en 1600 (Dominio público).



EXERCICIOS

Exercicio 1

Fai unha lista dos reis de Castela no século XVI.

Exercicio 2

Carlos V herda moitos territorios, de quen herda?

- América:
- Nápoles e Sicilia:
- O Sacro Imperio Romano Xermánico:
- Frandes:

Exercicio 3

Quen atendía a política interior de España durante as ausencias de Carlos V?

Exercicio 4

Filipe II foi emperador, explica o motivo.

Exercicio 5

Cales foron os inimigos mais notables de Carlos V e de Filipe II?

Exercicio 6

Que foron os Terzos?



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

RR.CC., Xoana A Tola e Filipe I O Feroso, Carlos I e Filipe II.

Exercicio 2

- América..... Isabel I de Castela
- Nápoles e Sicilia..... Fernando de Aragón
- O Sacro Imperio Romano Xermánico..... Maximiliano de Habsburgo
- Flandres..... María de Borgoña

Exercicio 3

Primeiro a súa dona, Isabel de Portugal, e logo o seu fillo Filipe.

Exercicio 4

O seu pai Carlos V decidiu deixarlle o trono ao seu irmán Fernando para quitarlle problemas a Filipe II.

Exercicio 5

Os príncipes alemáns, Francia e os turcos con Carlos V e Flandres e Inglaterra, a maiores, con Filipe II.

Exercicio 6

Eran a *unidade de combate autónoma profesional e voluntaria* (con Estado maior, 12 coronelías, mandos propios... entre 1.500 e 3.000 homes) do exército español dos Austrias.